

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONSELLO OFICIAL DE COLEXIOS DE MÉDICOS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL AO MÉDICO ENFERMO “PAIME”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou con *Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia* o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
 - desenvolvemento do Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo “PAIME” por parte do Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia, coa colaboración do Servizo Galego de Saúde. Ofrecer a tódolos médicos, sen excepción, que exercen a súa profesión no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as prestacións necesarias que permitan solucionar as problemáticas derivadas das psicopatoloxías que distorsionan a realidade e de adicción ao alcohol e outras drogodependencias concretas.
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 - o Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia, comprométese a impulsar e desenvolver o programa, do que resulta beneficiario o Servizo Galego de Saúde, dotándoo da estrutura técnica e organizativa necesaria para o seu correcto funcionamento, ase como difundir a súa existencia entre os seus Colexiados a través de diferentes fórmulas de promoción. Corresponderalle ao Consello a xestión do devandito programa, que a exercerá en atención ás características da poboación a atender e á racionalidade e control dos gastos que se orixinen.
5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.